

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Persoal

Convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para cobertura en propiedade, en quenda de promoción interna, dunha praza de persoal funcionario, de intendente da policía local (subgrupo A1)

##### ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía número 3446/2024, de 13 de decembro de 2024, aprobouse a convocatoria e bases reguladoras do proceso para cobertura en propiedade dunha praza de Intendente da Policía Local do Concello de Arteixo, que de seguido se expoñen:

#### CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA COBERTURA EN PROPIEDAD, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DUNHA PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO, DE INTENDENTE DA POLICÍA LOCAL (SUBGRUPO A1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS

##### 1. OBXECTO

O obxecto destas bases é convocar e ordenar o proceso selectivo para a co-bertura en propiedade dunha praza de persoal funcionario de Intendente da Policía Local, grupo A, subgrupo A1, da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Policía Local, escala Técnica, pola quenda de promoción interna, correspondentes á OEP do ano 2024 (BOP A Coruña número 176 de 12 de setembro de 2024).

Estas bases establécense en aplicación da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local, Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro e Orde do 28 de xaneiro do 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía local, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

A praza convocada correspóndese co posto establecido na RPT en vigor (BOP A Coruña número 242 de 22 de decembro de 2021) e posterior modificación puntual (BOP A Coruña número 148 de 2 de agosto de 2024), de seguido exposto:

Cód.	Denominación do posto	L/F	Dot.	C.D.	C.E.	C.E 2.5% acordo marco	TP	FP	Clasificación do posto				Titulación académica	Adscrición	Formación específica	Observacións
									ADM	Grupo	Escala	Subescala				
030002	Intendente	F	1	28	23.588,74 €	24.180,80 €		C	AL	A1	Administración Especial	Servizos Especiais	Licenciatura/Grao universitario	Área 3	-	Promoción interna (DP)(N)(T)(S)(F)

- O importe do concepto CE é incrementado anualmente na porcentaxe establecida polas correspondentes Leis de Orzamentos do Estado e concordantes.

Entre as funcións propias do posto de traballo, están as estipuladas de forma xenérica na Lei de Forzas e Corpos de Seguridade e na Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local, e lexislación de modificación posterior, e a maiores:

- Responsabilidade inmediata na planificación e execución dos servizos de acordo co establecido no artigo 25.1 b) da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local
- Exercer o mando directo da unidade da que é responsable
- Supervisar todas as actuacións policiais as súas ordes
- Velar pola disciplina do persoal ao seu cargo, propoñer melloras e, de habelas, corrixir deficiencias no servizos
- Dirixir, xestionar, inspeccionar e impulsar os servizos ao seu cargo, sen prexuízo da superior facultade de dirección, que corresponde ao Xefe/a de área, ao Alcalde responsable da área ou ao Concelleiro/a delegado/a

- Programación e planificación da seguridade nos eventos municipais
- Supervisión e control da programación de actuacións preventivas e organización de operativos relacionados coa seguridade cidadá

## 2. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso-oposición en quenda de promoción interna, toda vez verificado o cumprimento do establecido polo artigo 43 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local, na redacción dada pola Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

## 3. REQUISITOS

Para ser admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, además dos exisidos nas bases xerais, os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española,
- Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade de xubilación forzosa
- Estar en posesión da titulación exigida para a categoría de Intendente, subgrupo A1, grao universitario ou equivalente, segundo a normativa de función pública vixente ou estar en condicións de obtela
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondientes funcións
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persona fora separada ou inhabilitada
- Carecer de antecedentes penais por delito doloso
- Atoparse en situación de servizo activo no corpo de policía local, cunha antigüidade mínima de 6 anos de conformidade ao establecido polo Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro e artigo 33 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local
- Ser funcionario de carreira do corpo de policía local do Concello de Arteixo na categoría inmediatamente inferior, cun mínimo de 3 anos continuados de servizo activo na categoría/praza de Inspector/a Principal, computándose neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación, así como os tempos en que a persoa funcionaria tivese a consideración de persoal funcionario en prácticas
- Non ser sancionado/a por falta grave ou moi grave ou telas canceladas

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos exisidos nos apartados anteriores o día en que finalice o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu novo nomeamento como persoal funcionario.

## 4. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Arteixo. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

### 4.1 MODELO DE SOLICITUDE

As persoas aspirantes deberán cubrir o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas dispoñible como Anexo II das presentes Bases (Anexo II: Instancia, a disposición tamén na web municipal e sede electrónica) acompañado dun currículo de méritos segundo o baremo de méritos establecido nas presentes, xunto con toda a documentación acreditativa de tales méritos.

En aplicación do artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Concello de Arteixo. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitara a obtención dos citados datos poderase requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### 4.2 DOCUMENTACIÓN

1. Documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade e idade
2. Titulación esixida como requisito e certificación de pertenza ao corpo de Policía Local do Concello de Arteixo e de prestación de servizos continuados na praza de categoría inmediatamente inferior á convocada segundo o establecido nas presentes bases

3. Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na base 3º) ou, no seu caso, declaración contida no modelo de instancia que se achega nas presentes bases
4. Currículo segundo o baremo de méritos da fase de concurso recollidas nas presentes bases, xunto coa documentación acreditativa de tales méritos académicos e profesionais
5. Celga 4, título de perfeccionamiento ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización da proba de galego
6. Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (Tesourería- Rendas)

Para o pagamento o de dereitos de exame, os/as aspirantes deberán poñerse en contacto co departamento de Rendas (981 600 009, extensión 4029, 4030 e 4031 ou [rendas@arteixo.org](mailto:rendas@arteixo.org)) antes das 14:00 horas do último día de prazo de presentación de instancias, a fin de que lles remitan unha carta de pagamento/documento de liquidación de taxas, que deberá facerse efectivo dentro do prazo de presentación de instancias e que se poderá pagar de calquera das seguintes maneiras:

- a) Nas contas restrinxidas do Concello a través de calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras, que admitirán ditos ingresos todos os días laborables: Abanca, Banco Bilbao Vizcaia Argentaria (BBVA), Banco Santander, Caixabank, Banco Sabadell
- b) A través da banca electrónica se é cliente dalgunha das citadas entidades colaboradoras
- c) Con tarxeta de crédito ou débito na pasarela de pagos, copiando este link no navegador:

<http://www.arteixo.org/servizos/pagos-online>. <<http://www.arteixo.org/servizos/pagos-online>>

Os dereitos de exame establécense en **35,50 €**, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é, unicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

Non será necesario presentar esta documentación cando xa figure nos expedientes do servizo de Persoal e Recursos Humanos do Concello de Arteixo, debendo requirirse a súa incorporación por parte das persoas aspirantes.

As personas aspirantes deberán indicar na súa instancia, no apartado de idioma do exame, sí o texto do exercicio deberá entregarse en galego ou en castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude os/as aspirantes non poderán modificar a súa opción.

## **5. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E SEGUIMENTO DO PROCESO SELECTIVO**

Esta convocatoria e as súas bases publicaranse no BOP e publicarase un anuncio das mesmas no DOG e no BOE.

### **5.1. ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Expirado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para subsanación da documentación que, segundo os termos da Lei 39/2015 é de 10 días hábiles dende a publicación da aprobación da listaxe provisional no BOP de A Coruña, taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e sede electrónica. Complementariamente e unicamente aos efectos informativos a listaxe provisional publicarase na páxina web municipal.

Na listaxe provisional de aspirantes, tamén se designará nominativamente aos membros integrantes do Tribunal.

No caso de non existir aspirantes excluídos/as, nin recusación/abstención dos membros designados nominativamente no Tribunal, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución. Publicarase no BOP de A Coruña, taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, así como na sede electrónica e complementariamente aos meros efectos informativos, na páxina web municipal, a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e o lugar, día e hora de comezo das probas selectivas. Esta publicación no BOP será a determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na Lei.

Comezado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes, así coma a listaxe dos/as aspirantes aprobados/as en cada exercicio, efectuarase no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na web municipal.

### **5.2 TRIBUNAL**

Na Resolución de Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, designarase nominativamente a composición do Tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

O Tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e artigo 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público, así como garantindo os criterios de competencia técnica, idoneidade, nivel de titulación

e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller e estará composto do seguinte xeito:

- Presidente/a: Persoal funcionario de carreira do grupo/subgrupo A1 do Concello de Arteixo ou doutra Administración Pública (titular e suplente)
- Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: O/a Secretario/a da corporación ou funcionario que o substitúa (titular e suplente)
- Vogais: Tres vogais, sendo funcionarios de carreira do grupo/subgrupo A1 do Concello de Arteixo ou doutra Administración Pública (titulares e suplentes) preferentemente pertencentes a corpos de seguridade do Estado ou autonómicos, AGASP e/ou outros corpos de Policía Local de Galicia.

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, os cales actuarán con voz e sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma, que serán resoltas de habelas na Resolución de listaxe definitiva de aspirantes.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a, titular ou suplente.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas bases.

Os acordos adoptados polo Tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Na Resolución de aprobación da listaxe definitiva entenderanse resoltas (estimadas/desestimadas) as solicitudes de emenda/subsanación, así como recusación/abstención dos membros do Tribunal, de ser o caso.

## 6. PROCEDEMENTO SELECTIVO

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e unha parte de concurso, a fase de oposición será posterior á de concurso.

As referencias normativas do temario entenderanse referidas ás disposicións legais vixentes na data de publicación destas bases no BOP de A Coruña.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade, identificándose unicamente ante o Secretario/a do tribunal no momento de chamamento para realización dos exercicios da fase de oposición.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparato electrónico permitirá ao Tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do Tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a de a proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

### 6.1 FASE DE CONCURSO

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos alegados polas persoas aspirantes nas súas solicitudes.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso valoraranse méritos non alegados na solicitude. Os méritos deberán ser acreditados como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

A documentación que acredite os méritos presentarase preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Arteixo. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación de copia do correspondente diploma ou título.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos cando esta figure nos expedientes do servizo de Recursos Humanos do Concello de Arteixo.

#### **Baremo de méritos:**

##### **A) Titulacións académicas:**

Tendo en conta o previsto no artigo 76 e na disposición transitoria terceira do Estatuto Básico do Empregado Público, as titulacións a baremar serán as seguintes:

- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos
- Bacharelato, técnico ou equivalente: 0,50 puntos

A puntuación máxima neste apartado será de 4,00 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, salvo que posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións ne-cesarias ou as que se empregarán como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

A efectos de equivalencia de titulación só admitiranse as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, no seu caso, o BOE en que se publica.

Só valoraranse os títulos antes citados, non os cursos realizados para o seu obtención.

##### **B) Antigüidade:**

Aos efectos de valoración da antigüidade só teranse en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10 puntos
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos

A puntuación máxima neste apartado será de 4,00 puntos.

##### **C) Formación e docencia:**

###### *C.1) Formación profesional continua:*

- Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos

- Os cursos de manifesto interés policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 puntos
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos

Non se terán en conta, para os efectos de valoración, os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións do apartado a) destas bases, nin a superación de materias dos mesmos.

**C.2) Docencia:**

- A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, diputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos

- A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interés policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvoltos nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrera un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos deste apartado c) deberán acreditarse dentro do prazo que se determine, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerías e as horas de formación ou docencia, no seu caso.

A puntuación máxima neste apartado c) será de 8,00 puntos.

**D) Distincións e recompensas oficiais:**

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos
- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto
- Medalla ou cruz ao mérito policial de outros corpos: 0,75 puntos
- Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos

A puntuación máxima neste apartado será de 2,00 puntos

**E) Idiomas:**

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado da Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

- Ciclos
  - Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 puntos
  - Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos
- Niveis
  - Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos
  - Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos
  - Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos

Só terse en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

A puntuación máxima neste apartado será de 4,00 puntos.

**F) Lingua galega:**

- Celga 1: 0,25
- Celga 2: 0,50
- Celga 3: 0,75
- Celga 4: 1,00

- Curso de iniciación: 0,75
- Curso de perfeccionamento: 1,00
- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00

Só terase en conta o título de máis nivel dos que se acrediten. A puntuación máxima neste apartado será de 2,00 puntos.

#### G) Conciliación (máximo 0,5 puntos):

Neste apartado, en cumprimento do artigo 29 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, e da disposición derradeira terceira da Lei 7/2023, de 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establecerase, para o persoal funcionario, que estea a utilizar ou teña utilizado, nos últimos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria específica no BOP de A Coruña dereitos de conciliación familiar, un máximo de 0,5 puntos, nos seguintes termos:

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,2 puntos/permiso
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun/dunha fillo/a: 0,2 puntos/permiso
- Redución de xornada por motivos familiares: 0,2 puntos. A estes efectos, solo se computará unha redución por ano e se tomará como data de referencia a data do seu inicio. No suposto de que o seu desfrute se estendera na anualidade seguinte á de inicio, computarase como unha soa redución
- Excedencia por coidado de familiares: 0,02 puntos/mes

Á fase de concurso corresponderalle unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a da oposición, de conformidade ao establecido polo marco legal e normativo. Para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia este máximo de puntos que os aspirantes poderían alcanzar, aos que se lle outorgarán os catro puntos. Proporcionalmente asignaráselle a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

O órgano de selección realizará a baremación da fase de concurso e publicará a puntuación provisional na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo.

Contra os resultados da puntuación provisional obtida na fase de concurso as persoas aspirantes poderán presentar reclamación ante o órgano de selección nun prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación. Á vista das reclamacións presentadas o órgano de selección aprobará e publicará as puntuacións definitivas.

#### 6.2 FASE DE OPOSICIÓN

De conformidade ao establecido pola Resolución do 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o chamamento e actuación das persoas aspirantes nos distintos exercicios da fase de oposición, comezará pola letra "H" (DOG de 9 de febreiro de 2024).

A fase de oposición, de carácter eliminatorio e que será posterior ao concurso, consistirá nos tres exercicios seguidamente detallados:

##### Primeiro exercicio: obrigatorio e eliminatorio

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 120 preguntas, máis 12 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria.

O exercicio será calificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminadas.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A - F/3) / 12$ . Sendo N = nota final da proba; A = preguntas acertadas; F = preguntas falladas ou non respondidas.

Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas.

No prazo máximo de 2 días hábiles dende a finalización da proba, o órgano de selección publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar reclamacións ás preguntas, ás respostas e ao seu contido no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

De conformidade ao establecido polo artigo 80.3 da Lei 2/2015 de 29 de abril e en concordancia cos acordos adoptados na Mesa xeral de negociación de materias común do Concello de Arteixo (en referencia á exención de probas

exclusivamente teóricas nos procesos de promoción interna vertical) as persoas aspirantes que teñan acreditada a súa superación de probas teóricas similares en procesos anteriores de acceso/promoción, quedará/n eximidos/as da realización da mesma. Nesas supostos, o seguinte exercicio, suposto práctico será cualificado duplicando a puntuación, mínima e máxima, establecida nas presentes bases.

**Segundo exercicio:** obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en resolver, nun tempo máximo de 60 minutos, un suposto práctico relacionado co temario. As persoas aspirantes deberán leer este caso práctico ante o Tribunal.

O enunciado do suposto será elaborado polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e idónea aplicación da normativa vixente e pragmatismo na resolución dos supostos. A ponderación de cada un destes criterios en cada un dos o seu-postos será posta en coñecemento dos aspirantes con carácter previo á realización do exercicio.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminadas.

As persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa resposta a este exercicio.

**Terceiro exercicio:** obrigatorio e eliminatorio

Proba de coñecemento da lingua galega. O exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 60 minutos. Os textos serán elixidos polo Tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

